

9º INFORME
2019

O ESTADO DA POBREZA EN GALICIA

SEGUIMIENTO DO INDICADOR DE RISCO DE
POBREZA E EXCLUSIÓN SOCIAL (AROE) EN GALICIA

2008-2018



Contido

Introdución	3
Risco de Pobreza e/ou Exclusión social (AROPE)	4
Risco de pobreza e exclusión por CCAA.....	6
Compoñentes da taxa AROPE.....	7
Risco de pobreza	7
Pobreza severa	8
Fraxilidade das persoas maiores de 65 anos	9
Privación ou carencia material severa	10
Baixa intensidade de emprego no fogar (BITH)	14
Outros indicadores	15
Renda media por unidade de consumo.....	15
Limiars de pobreza	16
Resumo	18

Introdución

Este informe executivo forma parte do VIII Informe "[El Estado de la Pobreza en España 2019](#)" que ven de presentar a Rede Europea de Loita contra a Pobreza e a Exclusión Social do Estado Español (EAPN-España), da que EAPN Galicia - Rede Europea Contra a Pobreza forma parte.

En base a información oficial do Instituto Nacional de Estatística (INE) ou do Ministerio de Empleo y Seguridad Social, pretende ofrecer á sociedade galega unha avaliación do grado de cumprimento do obxectivo social especificado na Estratexia Europa 2020.

Dos grandes parámetros estatísticos sobre pobreza, privación, desemprego e desigualdade, unha parte dos mesmos corresponde ó indicador de risco de pobreza e/ou exclusión social da Unión Europea (AROE). Este indicador resulta da agregación das persoas incluídas nestes tres conceptos:


1. **Risco de Pobreza.** Ter uns ingresos inferiores ao chamado limiar da pobreza (60 % da mediana da renda nacional equivalente en unidades de consumo)¹. En 2018 supuxo ingresar menos de 8.871€ ao ano (739€ ó mes) nun fogar dunha persoa, ou menos de 18.629 € ao ano (1552€ ao mes) nun fogar con dous adultos e dous menores de 14 anos.
2. **Privación ou carencia material severa (PMS).** É dicir, vive nun fogar no que os seus membros non poden permitirse polo menos catro de nove conceptos ou ítems de consumo básico definidos a nivel europeo.
 - Tivo atrasos no pago de gastos relacionados coa vivenda principal (hipoteca ou aluguer, recibos de gas, comunidade...) nos últimos 12 meses.
 - Non pode permitirse manter a vivenda cunha temperatura axeitada.
 - Non pode permitirse ir de vacacións polo menos unha semana ao ano.
 - Non pode permitirse unha comida de carne, pito ou peixe polo menos cada dous días (ou o seu equivalente vexetariano).
 - Non ten capacidade para afrontar gastos imprevistos (por un importe de ata 650€).
 - Non pode permitirse dispor de teléfono.
 - Non pode permitirse dispor dun televisor en cor.
 - Non pode permitirse dispor dunha lavadora.
 - Non pode permitirse dispor dun automóbil.

¹ En todo o informe se utiliza o limiar estatal de pobreza e non tanto os limiares de cada unha das CCAA. Aínda que o uso de limiares rexionais é imprescindible para realizar políticas e accións autonómicas contra a pobreza ao ter en conta os ingresos da poboación máis próxima, unha análise detallada da pobreza e a exclusión en España obriga a considerar que deberíamos estar ante un Estado cunha lexislación común, que negocia e asume responsabilidades de xeito solidario ante instancias supranacionais e para o que -se supón- a cohesión interterritorial é un dos seus valores máis importantes.

3. **Baixa Intensidade laboral no fogar (BITH).** A relación entre o número de meses traballados efectivamente por todos os membros do fogar e o número total de meses que, en teoría, poderían traballar como máximo todas as persoas en idade de traballar do fogar . O indicador comprende ás persoas de 0 a 59 anos que viven en fogares cunha intensidade de emprego inferior a 0,2.

Risco de Pobreza e/ou Exclusión social (AROPE)

Poboación en risco de pobreza ou exclusión en Galicia (Evolución taxa AROPE 2008-18)



Fonte: INE

O 23% da poboación galega estaba en risco de pobreza e/ou exclusión social no 2018, o que supón un leve incremento con respecto aos datos do ano anterior, no cal foi dun 22,6%. Isto supón pasar de 612.006 a 622.294 persoas (10.288 persoas máis).


Este 23 % da poboación galega en risco de pobreza e/ou exclusión social no 2018, **segue a ser inferior á media nacional**, situándose 3,1 puntos por debaixo da mesma.

Galicia: Población AROPE por sexo

Galicia	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018
POB. TOTAL	2.784.169	2.796.089	2.797.653	2.795.422	2.781.498	2.765.940	2.748.695	2.732.347	2.718.525	2.708.339	2.701.743
Hombres	1.344.268	1.349.603	1.350.547	1.349.591	1.343.328	1.335.122	1.325.657	1.317.054	1.309.809	1.304.392	1.300.609
Mujeres	1.439.901	1.446.486	1.447.106	1.445.831	1.438.170	1.430.818	1.423.038	1.415.293	1.408.716	1.403.947	1.401.134
% AROPE	25,1%	24,6%	22,7%	21,0%	23,8%	24,3%	23,8%	25,7%	25,4%	22,6%	23,0%
% Hombres	23,7%	22,8%	22,2%	20,6%	24,1%	23,4%	24,0%	25,3%	25,0%	20,7%	22,1%
% Mujeres	26,3%	26,2%	23,1%	21,3%	23,6%	25,2%	23,6%	26,0%	25,7%	24,4%	23,9%
TOTAL POB. AROPE	698.826	687.838	635.067	587.039	661.997	672.123	654.189	702.213	690.505	612.085	622.294
Hombres en AROPE	318.648	307.926	299.804	277.358	324.109	311.998	318.024	333.449	327.310	269.441	286.889
Mujeres en AROPE	378.943	379.550	334.100	308.569	338.714	360.730	335.463	368.371	362.091	342.762	335.499


A feminización da pobreza segue a ser unha constante tanto no eido estatal como no galego. No caso de Galicia o 23,9% das mulleres están en risco de pobreza ou exclusión fronte ao 22,1% da poboación masculina. **Coa boa nova da redución de medio punto na taxa AROPE feminina, en contraste co aumento de 1,4 puntos entre os homes.** Esta variación motivou que a diferenza por sexo sexa de menos de dous puntos porcentuais.

Poboación en risco de pobreza e/ou exclusión social (Taxa AROPE 2008 – 2018)



Risco de pobreza e exclusión por CCAA

Galicia é unha das seis comunidades autónomas que conseguiu reducir a súa taxa AROPE a cifras inferiores ás do comezo da crise (2,1 puntos porcentuais menos que no ano 2008). En calquera caso, a súa taxa AROPE máis elevada rexistrouse no ano 2015, cando a recuperación macroeconómica xa parecía clara e comezara a recuperación das taxas medias nacionais.




As taxas de risco de pobreza ou exclusión máis elevadas son en Ceuta (49,3%), Extremadura (44,6%) e Andalucía (38,2%). As máis baixas en Euskadi (12,1%), Navarra (12,6%) e Aragón (17,7%) .

En Cantabria, La Rioja e Ceuta, empeoran os datos de risco de pobreza ou exclusión. Mentres que en Baleares, País Vasco e Melilla se produce unha redución notable da taxa.

Poboación en risco de pobreza e/ou exclusión social por CCAA (Taxa AROPE 2018)




Pobreza.gal



Compoñentes da taxa AROPE

Risco de pobreza



No ano 2018, a **taxa de pobreza de Galicia mantívose en termos moi semellantes** ós do ano anterior, concretamente, **augmentando unha décima** (pasando de 18,7 a 18,8). Debe destacarse que nos últimos tres anos, de notable recuperación macroeconómica xeral, a taxa de pobreza en Galicia practicamente mantívose inmóbil.

En termos absolutos, Galicia ten unhas 508.000 persoas, 1.000 máis que o ano anterior, en risco de pobreza.

Ademais, a taxa sitúase, igual que no 2017, case tres puntos por debaixo da media nacional (21.5%). **Galicia é unha das seis comunidades autónomas que conseguiu reducir a súa pobreza por baixo da rexistrada no último ano anterior a crise.** Así, dende 2008 a taxa reduciuse 2.1 puntos, o que supón que na última década a pobreza se teña reducido nunhas 74.000 persoas.



Galicia: Población en POBREZA por sexo


Galicia	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018
POB. TOTAL	2.784.169	2.796.089	2.797.653	2.795.422	2.781.498	2.765.940	2.748.695	2.732.347	2.718.525	2.708.339	2.701.743
Hombres	1.344.268	1.349.603	1.350.547	1.349.591	1.343.328	1.335.122	1.325.657	1.317.054	1.309.809	1.304.392	1.300.609
Mujeres	1.439.901	1.446.486	1.447.106	1.445.831	1.438.170	1.430.818	1.423.038	1.415.293	1.408.716	1.403.947	1.401.134
% POBREZA	20,9%	20,6%	18,1%	16,1%	18,3%	17,2%	15,4%	19,4%	19,0%	18,7%	18,8%
% Hombres	19,5%	18,7%	17,9%	15,7%	18,3%	16,4%	14,9%	19,2%	19,1%	16,9%	18,8%
% Mujeres	22,1%	22,4%	18,3%	16,6%	18,3%	17,8%	15,8%	19,6%	18,9%	20,5%	18,9%
TOTAL POB. POBRE	581.891	575.994	506.375	450.063	509.014	475.742	423.299	530.075	516.520	506.459	508.842
Hombres en POBREZA	262.302	252.127	241.233	211.460	245.992	219.488	197.634	253.472	250.320	219.813	244.502
Mujeres en POBREZA	318.921	323.710	265.271	240.030	262.834	255.124	224.839	277.370	266.438	287.354	264.343

É importante mostrar a diferente evolución do AROPE por sexo no último ano, que liquidou, polo momento, as importantes diferenzas que se rexistraron nos anos anteriores. **No 2018 existe unha práctica igualación das porcentaxes ó respecto, un 18,9% de mulleres atopábase en situación de pobreza no 2018, fronte ó 18,8% dos homes.**

Entre 2017 e 2018, a taxa de pobreza masculina aumentou 1.9 puntos porcentuais e a feminina diminuíu 1,6. **Mentres 24.689 homes entraron na pobreza, 23.011 saíron da mesma.**

POBREZA SEVERA


No 2018 a pobreza severa en Galicia **alcanzou ao 4,8% da súa poboación; reduciuse de forma intensa e perdeu gran parte do incremento sufrido o ano anterior**, co cal a cifra volve a unha posición historicamente máis habitual, que é **por debaixo da taxa media nacional.**



No conxunto do período 2008 a 2018 a pobreza severa incrementouse 1,4 puntos e acada, en 2018, ás 128.000 persoas.

Considérase que unha persoa está en pobreza severa cando vive nun fogar cuns ingresos inferiores a metade da que supón estar en risco de pobreza (é dicir, por debaixo do 30% da mediana da renda nacional). En 2018 supuxo ingresar menos

Galicia: Pobreza y pobreza severa (2018)



de 4.435€ ao ano (370 € ó mes) nun fogar dunha persoa, menos de 9.315 € ao ano (776€ ao mes) nun fogar con dous adultos e dous menores de 14 anos ou menos de 8.428 € ao ano (702 €/mes) nun fogar monoparental no que un adulto (no 80% dos casos unha muller) coida de tres menores.

FRAXILIDADE DAS PERSOAS MAIORES DE 65 ANOS

Respecto ós ingresos da poboación maior, cuxas rendas están case totalmente determinadas polo importe da pensión que reciben, a táboa seguinte amosa que **327.577 persoas, unhas 30.000 máis que o ano anterior, reciben unha pensión cuxo importe é inferior ó mínimo considerado para non ser pobre.**


É dicir, o 42,8% de tódalas pensións e o 53,2% das de viuvez (case todas de mulleres) teñen un importe inferior ó limiar de pobreza. Ademais, para o 11,9% do total o importe da pensión é inferior ó limiar de pobreza severa (calculado para 14 mensualidades segundo o 30% da mediana da renda).

Nº de pensiones por Pobreza, Clase y Tramos de cuantía (a 31 diciembre de 2018)					Umbral de pobreza (Mensual, 14 pagas)	634 €
					Umbral de pobreza severa (Mensual, 14 pagas)	317 €
GALICIA	Incapacidad permanente	Jubilación	Viudedad	Orfandad	Favor familiar	Todas la opciones
Hasta 150 €	501	16.604	8.008	2.132	103	27.348
De 150,01 a 317 €	848	19.581	31.147	11.292	741	63.609
De 317,01 a 450 €	9.990	44.760	37.422	2.330	186	94.688
De 450,01 a 634 €	16.778	94.701	22.923	2.811	4.720	141.932
De 634,01 a 1.000 €	24.553	156.931	70.595	4.339	473	256.892
De 1.000,01 a 2.000 €	14.580	101.951	16.830	642	264	134.267
Más de 2.000 €	2.748	43.223	43	35	8	46.057
Todos los tramos	69.998	477.751	186.968	23.581	6.495	764.793
TOTAL EN POBREZA	28.117	175.646	99.500	18.565	5.750	327.577
%	40,2%	36,8%	53,2%	78,7%	88,5%	42,8%
TOTAL EN POBREZA SEVERA	1.349	36.185	39.155	13.424	844	90.957
%	1,9%	7,6%	20,9%	56,9%	13,0%	11,9%

Fuente: Elaboración propia con datos del Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

Privación ou carencia material severa

PRIVACIÓN MATERIAL SEVERA 2008-2018 Galicia



Galicia: Población en PRIVACIÓN MATERIAL SEVERA por sexo


Galicia	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018
POB. TOTAL	2.784.169	2.796.089	2.797.653	2.795.422	2.781.498	2.765.940	2.748.695	2.732.347	2.718.525	2.708.339	2.701.743
Hombres	1.344.268	1.349.603	1.350.547	1.349.591	1.343.328	1.335.122	1.325.657	1.317.054	1.309.809	1.304.392	1.300.609
Mujeres	1.439.901	1.446.486	1.447.106	1.445.831	1.438.170	1.430.818	1.423.038	1.415.293	1.408.716	1.403.947	1.401.134
% PMS	3,0%	3,4%	4,4%	2,5%	4,1%	4,6%	5,5%	4,2%	4,1%	2,4%	1,6%
% Hombres	3,5%	3,8%	4,1%	2,3%	3,4%	4,0%	5,1%	3,6%	4,0%	2,3%	2,0%
% Mujeres	2,4%	3,1%	4,7%	2,6%	4,6%	5,2%	5,8%	4,8%	4,2%	2,4%	1,2%
TOTAL POB. PMS	83.525	95.067	123.097	69.886	114.041	127.233	151.178	114.759	111.460	65.000	43.475
Hombres en PMS	47.434	51.404	55.036	31.668	46.339	53.685	67.554	47.989	53.002	29.906	26.062
Mujeres en PMS	34.943	44.818	68.040	38.117	66.398	73.892	82.661	67.942	59.637	34.125	17.374

No ano 2018, o 1,6 da poboación de Galicia vive en condicións de Privación Material Severa, é dicir, non pode facer fronte polo menos a catro dos nove conceptos de consumo básico definidos a nivel europeo que se mostran na táboa seguinte.

Galicia: ÍTEMS DE PRIVACIÓN MATERIAL SEVERA

Nacional	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018
1) No pode permitirse ir de vacacións al menos una semana al año	36,2%	42,0%	42,7%	40,9%	46,6%	48,0%	46,4%	41,5%	40,3%	34,3%	34,1%
2) No pode permitirse una comida de carne, pollo o pescado cada dos días	2,2%	2,1%	2,6%	3,2%	2,6%	3,5%	3,3%	2,6%	2,9%	3,7%	3,6%
3) No pode permitirse manter a vivenda con una temperatura adecuada	5,9%	7,2%	7,5%	6,5%	9,1%	8,0%	11,1%	10,6%	10,1%	8,0%	9,1%
4) No tiene capacidad para afrontar gastos imprevistos	29,9%	36,5%	38,7%	37,6%	42,1%	42,1%	42,7%	39,8%	38,7%	36,6%	35,9%
5) Retrasos en pago de gastos de vivienda principal en los últimos 12 meses	8,2%	11,0%	11,7%	8,7%	10,9%	11,9%	12,5%	11,7%	10,6%	9,3%	9,4%
6) No puede permitirse disponer de un automóvil	5,9%	5,7%	5,9%	5,6%	5,7%	6,2%	6,0%	5,8%	6,0%	4,7%	5,1%
No puede permitirse disponer de un ordenador personal	8,9%	8,1%	7,6%	5,6%	6,6%	6,7%	7,2%	7,1%	7,2%	5,1%	5,5%
Galicia	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018
1) No puede permitirse ir de vacaciones al menos una semana al año	38,4%	52,9%	48,2%	47,2%	48,8%	59,2%	55,3%	48,3%	46,3%	38,7%	42,6%
2) No puede permitirse una comida de carne, pollo o pescado cada dos días	1,1%	1,5%	1,1%	2,0%	0,4%	5,5%	1,8%	1,2%	1,1%	3,3%	1,3%
3) No puede permitirse manter a vivenda con una temperatura adecuada	8,9%	12,6%	12,4%	5,4%	7,0%	12,2%	14,1%	13,7%	9,1%	6,7%	4,8%
4) No tiene capacidad para afrontar gastos imprevistos	24,4%	33,6%	36,8%	30,0%	35,2%	36,8%	36,5%	27,4%	28,9%	21,8%	20,3%
5) Retrasos en pago de gastos de vivienda principal en los últimos 12 meses	3,4%	6,7%	7,0%	5,6%	7,6%	5,9%	7,4%	7,8%	6,4%	4,5%	3,9%
6) No puede permitirse disponer de un automóvil	3,9%	4,4%	3,9%	3,3%	5,1%	2,4%	2,5%	2,3%	2,3%	2,0%	2,9%
No puede permitirse disponer de un ordenador personal	8,7%	8,7%	8,9%	5,4%	5,8%	5,2%	8,0%	6,7%	4,8%	2,6%	2,5%

Nos últimos catro anos produciuse unha **diminución intensa da taxa galega, que a levou a ser a segunda máis baixa de tódalas comunidades autónomas, con cifras inferiores á metade da media nacional** e, tamén moi inferiores os seus rexistros no ano 2008. En termos absolutos unhas 43.000 persoas, 22.000 menos que o ano pasado, viven en condicións de Privación Material Severa en Galicia. Ademais, non hai practicamente diferencias por sexo.




A evolución e os valores correspondentes dos factores que determinan a severidade da privación ou ítems de consumo poden verse nas táboas e gráficos seguintes.


En xeral, para case tódolos ítems medidos, as porcentaxes son sensiblemente inferiores ós rexistrados no ano anterior, **excepto para o grupo que non pode permitirse ir de vacacións unha semana ó ano, que se incrementou 3,9 puntos** ata o 42,6% da poboación, e aqueles que non poden permitirse dispoñer dun automóbil que supoñen o 2,9% da poboación de Galicia.

Por outra banda, con respecto á media nacional, as porcentaxes son inferiores tamén para a totalidade dos ítems, excepto para aquelas persoas que non poden permitirse ir de vacacións polo menos unha semana ao ano, cuxa taxa é 8,5 puntos superior.


1) No puede permitirse ir de vacaciones al menos una semana al año




2) No puede permitirse una comida de carne, pollo o pescado cada dos días




3) No puede permitirse mantener la vivienda con una temperatura adecuada




4) No tiene capacidad para afrontar gastos imprevistos




5) Retrasos en pago de gastos de vivienda principal en los últimos 12 meses



6) No puede permitirse disponer de un automóvil




No puede permitirse disponer de un ordenador personal



Baixa intensidade de emprego no fogar (BITH)

O 11,1% da poboación menor de 60 anos que reside en Galicia, é dicir, unhas 206.000 persoas, 18.000 menos que o ano anterior, vive en fogares con baixa intensidade de emprego. **Aínda que se reduciu nove décimas este ano, por primeira vez dende o ano 2012, a cifra sitúase por encima da media nacional.**



A cifra é 0,4 puntos porcentuais superior á media do territorio nacional e 0,9 puntos inferior con respecto ao ano pasado.

Por outra banda, do mesmo xeito que a evolución da taxa media nacional, o indicador BITH experimentou un período de forte incremento que se mantivo ata o ano 2012. A partir dese ano a evolución

cambiou de signo e comezou un período de redución longo e paulatino que levou as taxas ao seu valor actual.


Finalmente, a taxa BITH masculina reduciuse este último ano con maior intensidade que a feminina, co cal xurdiron algunhas diferencias en función do sexo. Neste sentido, a taxa BITH feminina pasa a ser 1,3 puntos máis elevada que a masculina.

Galicia: Población en BITH por sexo (0 a 59 años)											
Galicia	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018
POB. TOTAL (0 a 59)	2.011.969	2.012.055	2.004.281	1.994.291	1.977.095	1.955.315	1.932.406	1.909.054	1.888.491	1.869.675	1.853.552
Hombres	1.012.761	1.012.483	1.008.517	1.003.232	995.163	983.567	971.198	958.924	947.926	938.265	929.769
Mujeres	999.208	999.572	995.764	991.059	981.932	971.748	961.208	950.130	940.565	931.410	923.783
% BITH	7,6%	7,9%	12,2%	11,9%	14,7%	14,1%	14,9%	13,8%	13,6%	12,0%	11,1%
% Hombres	6,9%	7,5%	11,7%	11,1%	12,8%	12,4%	14,9%	14,5%	12,7%	11,8%	10,5%
% Mujeres	8,4%	8,3%	12,6%	12,6%	16,7%	15,8%	14,9%	13,1%	14,5%	12,2%	11,8%
T. POB. BITH (0 a 59)	152.910	158.952	244.522	237.321	290.633	275.699	287.928	263.449	256.835	224.361	206.088
Hombres en BITH	69.420	76.229	118.263	111.114	127.129	121.790	144.751	139.368	120.078	110.611	97.255
Mujeres en BITH	83.463	83.250	125.279	125.267	163.776	153.193	142.800	124.827	136.191	113.663	108.865

Outros indicadores

Renda media por unidade de consumo

Ó longo de todo o período, a renda media por unidade de consumo da poboación galega experimentou un proceso moi similar ó rexistrado na renda media nacional, pero con distintas intensidades que propiciaron un achegamento dos valores.



O incremento deste ano, 878€ -5% máis-, situou a renda media por unidade de consumo en Galicia nos 16.758€, cifra que case alcanza o valor medio nacional (está soamente 179€ por debaixo).

Por outra banda, o incremento da renda media non afectou a tódolos grupos por igual e **parece detectarse certo crecemento da desigualdade**.

Neste sentido, incrementouse en algo máis de dous puntos porcentuais o grupo de persoas que pertencen ós deciles un e catro da renda media nacional, que son aqueles que ingresan un máximo de 1.000€ mensuais por unidade de consumo, e tamén se incrementou en tres puntos porcentuais o número de persoas que pertencen ós grupos con maiores ingresos, é dicir, aqueles que constitúen os deciles nove e dez, cuxos ingresos son superiores ós 23.675€ por unidade de consumo anual.

Galicia: % Personas en decil de renta por u. c. (%) y renta máxima en cada decil											
Galicia	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018
Decil 1	8,2%	9,1%	7,3%	7,5%	8,1%	6,8%	5,3%	6,2%	6,9%	10,1%	8,8%
Renta máxima	6.251,3	6.559,1	6.295,7	5.996,1	5.657,6	5.567,0	5.098,8	4.937,3	5.297,1	5.547,5	6.104,4
Decil 2	12,9%	10,6%	10,4%	8,0%	9,6%	9,8%	8,5%	9,9%	9,1%	7,6%	8,2%
Renta máxima	8.410,3	8.788,5	8.602,3	8.259,5	8.124,4	8.053,8	7.427,0	7.550,7	7.684,1	8.143,5	8.548,9
Decil 3	13,5%	12,5%	11,8%	10,6%	9,8%	9,9%	11,4%	10,9%	10,5%	7,6%	10,1%
Renta máxima	10.256,2	10.915,0	10.776,6	10.062,5	9.930,2	9.697,6	9.346,7	9.515,8	9.589,1	10.085,9	10.572,0
Decil 4	12,1%	12,5%	11,4%	12,9%	11,0%	14,3%	12,8%	11,3%	13,0%	11,1%	11,4%
Renta máxima	12.064,9	12.848,0	12.648,7	11.956,5	11.857,4	11.584,6	11.227,9	11.410,6	11.634,0	12.149,8	12.647,2
Decil 5	11,2%	12,9%	12,6%	12,8%	14,1%	10,8%	11,7%	11,3%	13,0%	10,5%	10,7%
Renta máxima	13.967,5	14.794,9	14.606,9	13.929,5	13.868,2	13.523,6	13.268,8	13.355,9	13.681,6	14.203,3	14.785,6
Decil 6	10,3%	9,7%	11,8%	11,9%	11,3%	11,3%	11,1%	12,5%	10,3%	13,7%	10,5%
Renta máxima	16.170,2	17.046,9	16.890,2	16.156,6	15.988,2	15.736,4	15.458,8	15.517,4	15.869,0	16.666,6	17.063,6
Decil 7	10,9%	11,6%	11,6%	12,1%	11,9%	11,3%	11,7%	10,8%	10,0%	12,8%	11,8%
Renta máxima	18.781,9	19.701,3	19.743,7	18.898,5	18.935,4	18.293,7	18.348,0	18.225,8	18.602,6	19.341,2	19.946,1
Decil 8	9,1%	10,8%	9,6%	9,9%	9,1%	10,1%	11,9%	11,0%	10,3%	11,1%	10,1%
Renta máxima	22.080,0	23.466,9	23.203,5	22.728,2	22.700,1	21.933,2	22.083,0	21.798,1	22.359,4	23.236,8	23.665,6
Decil 9	6,6%	5,5%	6,7%	7,5%	7,7%	8,7%	8,6%	8,6%	9,0%	7,4%	8,6%
Renta máxima	28.397,8	29.646,1	29.713,5	28.880,1	28.769,2	27.860,5	27.793,8	27.798,8	28.438,9	29.256,2	29.767,0
Decil 10	5,3%	4,7%	6,8%	6,8%	7,3%	7,0%	7,1%	7,5%	8,0%	8,0%	9,9%
Renta desde	28.397,9	29.646,2	29.713,6	28.880,2	28.769,3	27.860,6	27.793,9	27.798,9	28.439,0	29.256,3	29.767,1


Limiares de pobreza

Galicia: Riesgo de pobreza según umbral											
Galicia	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018
Umbral nacional	20,9%	20,6%	18,1%	16,1%	18,3%	17,2%	15,4%	19,4%	19,0%	18,7%	18,8%
Umbral Galicia	14,8%	16,0%	16,7%	15,6%	17,6%	16,1%	15,5%	19,6%	17,4%	19,8%	20,4%
Diferencia (p. p.)	6,1	4,6	1,4	0,6	0,7	1,1	-0,1	-0,1	1,6	-1,1	-1,6
España	19,8%	20,4%	20,7%	20,6%	20,8%	20,4%	22,2%	22,1%	22,3%	21,6%	21,5%


Como se pode ver no gráfico anterior, para o ano 2018 o limiar da pobreza rexional en Galicia é de 9.032€, cantidade que é 161€ superior ao limiar oficial.

Galicia é unha das poucas comunidades autónomas para as cales o cambio dun limiar nacional a rexional produce variacións mínimas na taxa de pobreza. Por exemplo, para o ano 2018, a utilización do limiar rexional para calcular a taxa de pobreza implica que todas as persoas residentes en Galicia cuxos ingresos por unidade de consumo estean entre 8.871€ e 9.032€, pasan a ser considerados pobres polo efecto do cambio metodolóxico. Como a diferenza do limiar é pequena, a taxa de pobreza en Galicia se modifica moi pouco e acada o 20,4%, 1,6 puntos porcentuais máis alta que a rexistrada co limiar nacional.


Galicia: Umbrales de pobreza



Galicia: Pobreza según umbral



Resumo



- **No 2018, un total de 622.294 persoas, o 23,0% da poboación residente en Galicia, estaba en Risco de Pobreza e/ou Exclusión Social (AROPE nas siglas en inglés).** Tres puntos por debaixo da media estatal pero por riba do 2017 que foi do 22,6%.
- **Galicia é unha das cinco comunidades autónomas que conseguiu reducir a súa taxa AROPE a cifras inferiores ao comezo da crise, do 25,1% no 2008 ao 23% no 2018.**
- **23.9% das mulleres seguen en risco de pobreza ou exclusión fronte ao 22,1% dos homes.** Pero redúcese substancialmente a diferenza coa redución de medio punto da taxa feminina fronte ao aumento de 1,4 puntos na dos homes.
- **No 2018, un 18,8% da poboación galega estaba en pobreza (508.000 persoas).** 1 décima máis que no 2017 e 2,1 puntos menos dende 2008.
- **A feminización da pobreza redúcese. Un 18,9% das mulleres se atopaban en situación de pobreza no 2018, fronte ao 18,8% dos homes.** Entre 2017 e 2018, 24.689 homes entraron na pobreza (+1.9 puntos) e 23.011 mulleres saíron da mesma (-1.6 puntos)
- **A loita contra a pobreza severa retárdase. 128.000 persoas, o 4,8% da poboación, vive con ingresos inferiores a 370€/mes.** Unha porcentaxe moi superior ao do 2008 cando foi do 3,4%.
- **327.527 persoas, 30.000 máis co ano anterior, reciben unha pensión cuxo importe é inferior ó limiar da pobreza.** É dicir, o 42,8% de tódalas pensións e o 53,2% das de viuvez. **O 11,9% están por debaixo do limiar da pobreza severa.**
- **Ao contrario que no conxunto do estado, as persoas en Privación Material Severa diminúen notablemente (do 2,4 ao 1,6% da poboación) so por riba da taxa de Aragón.**
- **O 11,1% da poboación menor de 60 anos que reside en Galicia viven en fogares con baixa intensidade de emprego (206.000 persoas, 18.000 menos que no ano anterior).** Aínda que se reduciu este ano nove décimas por primeira vez dende o ano 2012, a cifra posiciónase lixeiramente por riba da media nacional.

Mais información en: www.pobreza.gal

www.eapn.es/estadodepobreza/